



CONCELLOS

BARALLA

Anuncio

Mediante resolución de Alcaldía do día 22 de abril de 2026 aprobáronse as bases específicas que rexerán a bolsa de emprego para a ampliación da bolsa que servirá para contratación de persoal para atender a substitucións do persoal auxiliar de axuda no fogar, xa que a que foi constituída no ano 2021 esta esgotada. Os traballadores contratados prestarán os seus servizos, de carácter temporal, sendo o seu cometido levar a cabo as tarefas propias de cada posto ou calquera outra que lle poda encomendar a Alcaldía, que garden relación co posto a desempeñar e que afecten ao funcionamento do Servizo.

Prazo de presentación de solicitudes: nos cinco días naturais seguintes ao da publicación deste anuncio de convocatoria no BOP.

Máis información nas **bases específicas** da convocatoria que poderán ser consultadas no taboleiro de anuncios do Concello de Baralla e na sede electrónica do Concello <https://baralla.sedelectronica.es>

Este proceso selectivo está **exento de taxas**.

Baralla, 24 de abril de 2026.- O alcalde, Miguel González Piñeiro.

R. 1069

BURELA

Anuncio

De conformidade co disposto no artigo 23.4 da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, no artigo 61.3 da Lei 5/97, de 22 de xullo de Administración Local de Galicia, artigos 43 e 44 do Real Decreto 2.568/86, de 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e co previsto nos artigos 58.1 da Lei 20/2011, de 21 de xullo, de Rexistro Civil e 51 do Código Civil, publícase que pola Alcaldía do Concello de Burela en data 21 de agosto de 2024 adoptou Decreto que di:

PRIMEIRO- Delegar no Primeiro Tenente de Alcaldesa de esta Corporación Mario Pillado Mon a competencia para a autorización do matrimonio civil entre Antía Pérez García e Laura Sofía Semedo Brito, que se celebrará o día vinte e oito de abril do dous mil vinte e seis, ás 09:30 horas, no Salón de Plenos do Concello de Burela.

SEGUNDO: Dar traslado da presente Resolución ao Pleno Corporativo na primeira sesión ordinaria que celebre.

Burela, 24 de abril de 2026.- A alcaldesa, María del Carmen López Moreno.

R. 1070

CASTROVERDE

Anuncio

Que por resolución de alcaldía de data 22 de abril de 2026, ditouse a seguinte resolución, aprobación ao Padrón do prezo público pola prestación do servizo de ximnasia de mantemento e baile de salón correspondente ao mes de marzo de 2026, por un importe de 865 euros. O padróns quedará exposto ao público polo prazo de quince días contados a partir do seguinte da súa publicación no BOP, ao obxecto de que poida ser examinado e presentar contra o mesmo as reclamacións que se estimen pertinentes.

Dado que os recibos están domiciliados, enviaranse as respectivas entidades para o seu cargo nas contas designadas.